



FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



Traballando coas persoas

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021

1. INCORPORACIÓN
LABORAL E FORMACIÓN

2. INTERVENCIÓN EN
MEDIO PENITENCIARIO

3. INTERVENCIÓN SOCIAL

4. ÁREA DE IGUALDADE

PROGRAMAS E SERVICIOS

1. INCORPORACIÓN LABORAL E FORMACIÓN

INCORPORA

Programa de integración sociolaboral, cuxa finalidade é promover a inserción laboral na empresa ordinaria de persoas en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con apoio e seguimento por parte do persoal técnico.

Ofrecemos un servizo de atención ás persoas beneficiarias mediante a orientación laboral, a partir do deseño de itinerarios de inserción, a derivación a actividades de formación e empoderamento e asesorando sobre técnicas e canles de busca de emprego, así como a creación de alianzas con entidades e empresas mediante a difusión e promoción do programa como recurso de RSC, ata alcanzar unha completa integración sociolaboral.

A entidade pertence ao grupo Incorpora Galicia desde o ano 2008. O traballo colaborativo en rede favorece a eficiencia e a efectividade para dar resposta ás necesidades das empresas e das persoas.

Promove: Fundación "la Caixa"

- 497 persoas beneficiarias (284 mulleres e 213 homes).
- 293 altas (187 mulleres e 106 homes).
- 1.200 seguimentos.
- 143 empresas visitadas.
- 70 empresas colaboradoras (14 novos convenios).
- 8 agrupacións empresariais colaboradoras.
- 118 ofertas de emprego xestionadas.
- 94,71% satisfacción das persoas beneficiarias.
- 163 insercións laborais (85 mulleres e 78 homes).

Parte destes datos proceden da realización dos subprogramas: Reincorpora, Punto de Formación Incorpora e Punto de Autoemprego Incorpora.

PUNTO DE FORMACIÓN INCORPORA

Trátase dun servizo orientado a persoas con dificultades de acceso ao emprego e que aplica unha perspectiva integral, xa que se imparten contidos técnicos relativos a diversas ocupacións, pero tamén se proporcionan as ferramentas necesarias para superar obstáculos que poidan afectar á empregabilidade. Para isto, ademais das especialidades profesionais, inclúense competencias transversais, manexo de novas tecnoloxías, ferramentas de procura de emprego, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, educación financeira, autoemprego e prevención de riscos laborais, entre outros contidos.

A formación técnica está orientada a cubrir as necesidades reais do tecido produtivo e do mercado laboral, polo que se dá un contacto continuado e traballo conxunto con empresas e asociacións empresariais.

Os colectivos aos que se dirixe son persoas do Programa Incorpora derivadas polas entidades que configuran o Grupo Incorpora Galicia, que expresen motivación pola aprendizaxe e o emprego.

Principais actividades:

- Formación en competencias transversais que cualifican ás persoas para que estean en mellor disposición para a inserción laboral e para o mantemento do emprego.
- Adquisición de competencias técnicas ocupacionais en distintas especialidades mediante a impartición de contidos teórico-prácticos.

Cursos:

- *Auxiliar de traballos de xardinaria e forestal (iniciado en 2020)*
- *Coidado e acompañamento de persoas dependentes*
- *Auxiliar de almacén*
- *Auxiliar de restaurante-bar*

- 74 persoas participantes (31 mulleres e 43 homes).
- 4 accións formativas.
- 1.040 horas de formación.
- 63 diplomas entregados.
- 98,78% de satisfacción das persoas beneficiarias.
- 34 insercións laborais (15 mulleres e 19 homes).



Curso Auxiliar de Almacén.

PUNTO AUTOEMPREGO INCORPORA

Servizo que ofrece ás persoas en situación de vulnerabilidade unha detección da capacidade emprendedora, titorización e acompañamento, para favorecer a integración sociolaboral por conta propia.

Principais actividades:

- Prospección de información sobre axudas, subvencións, concursos e eventos de interese para as persoas emprendedoras.
- Asesoramento a persoas con perfil emprendedor.
- Titorización na realización de Plans de Empresa.
- Actividades de acompañamento aos recursos clave do territorio.
- Coordinación coas oficinas de Caixabank para facilitar o acceso aos Microcréditos – Convenio entidades.
- Acompañamento e información a empresas xa creadas.

Outras actividades:

Obradoiros de sensibilización para o Autoemprego:

- 2 no PFI IGAXES (Ourense), 36 participantes.
- 2 no PFI FEAFES (Santiago e A Coruña), 25 participantes.
- 2 no PFI Fundación Érguete-Integración (Vigo), 21 participantes.
- 2 para Programa Emprego Inclusivo. Fundación Érguete-Integración. 14 participantes.

- 117 persoas emprendedoras atendidas (73 mulleres e 44 homes).
- 102 altas (66 mulleres e 36 homes).
- 36 empresas creadas.
- 27 Microcréditos Convenio Entidades aprobados, por un importe de 527.259,00 €
- 18 empresas consolidadas.
- 27 empresas xa creadas en seguimento.
- 8 obradoiros de sensibilización.
- 16 horas de formación
- 96 alumnos/as (41 mulleres e 55 homes)
- 100% satisfacción das persoas emprendedoras.
- 40 insercións laborais (26 mulleres e 14 homes), persoas dadas de alta no réxime especial de Traballadores Autónomos.



CIBEREMPREGO

Aula informática onde se facilita o acceso ás Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) a colectivos especialmente desfavorecidos en risco ou situación de exclusión social, para axudarlles coa procura de emprego e aprendizaxe do manexo destas ferramentas.

Este recurso, que sempre consideramos moi importante, adquiriu a categoría de indispensable no momento en que todas as xestións relacionadas co emprego desenvólvense de xeito telemático, xa que pon a disposición das persoas beneficiarias da entidade a formación e os recursos necesarios para poder realizalas.

Os computadores dispoñibles na aula foron doados pola Fundación Josep Antón Cerqueda, e na instalación do software libre que se utiliza, colabora Ulteira Comunicacions, S.L.

Actividades:

- Servizo de orientación e axuda para a procura activa de emprego a través de Internet, mediante a creación de contas de correo electrónico, elaboración de curriculum vitae, cartas de presentación e altas nos portais de emprego, empresas de traballo temporal e asociacións empresariais.
- Facilitar o acceso á Administración Electrónica.
- Formación, a nivel de iniciación, no manexo do computador, programas de ofimática básicos e Internet, así como do teléfono móbil e formación para acceder á Administración Electrónica.
- Colaboración con outros programas da entidade para impartir módulos transversais de: procura activa de emprego a través do uso do computador e Internet e competencias dixitais básicas.
- Colaboración cos programas da entidade e outros servizos sociais externos na recepción de persoas beneficiarias.

CIBER:

- 309 persoas beneficiarias (156 mulleres e 153 homes).
- 185 altas (99 mulleres e 86 homes).
- 10,8% altas procedentes doutras entidades sociais.
- 1.325 visitas.
- 6,37 usuarias/os de media por día.
- 780 CV impresos.
- 421 CV enviados a ofertas de emprego ou coma autocandidatura.
- 6,4% xestións telemáticas do total de actividades realizadas (un 67% máis que o ano anterior).
- 99,81% satisfacción de persoas beneficiarias.
- 5 insercións laborais (3 mulleres e 2 homes).



FORMACIÓN:

- 2 accións formativas:
 - Curso de informática.
 - Obradoiro de acceso á E-Administración.
- 28 horas de formación.
- 11 alumnos/as (6 mulleres e 5 homes).
- 8 diplomas entregados.
- 99,24% satisfacción do alumnado.
- 18 módulos transversais de Novas Tecnoloxías para Procura de Emprego, Competencias Dixitais Básicas e Acceso a E-Administración, doutros programas da Fundación (Inclusión Social, Punto Formativo Incorpora, Achégate a rede e Proxecto Virada).
- 404 horas de módulos transversais.
- 141 alumnas/os procedentes doutros programas da entidade.



FOMENTO DO EMPREGO

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN: SERVIZO DE APOIO PARA A INCLUSIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS

Contratación de 5 persoas desempregadas durante 12 meses a través dos Programas de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, nos seguintes postos:

- 2 Técnicas de Apoio para o programa Sisifo (Vigo e A Coruña).
- 1 Técnica de Apoio para o programa Itinere (A Coruña).
- 1 Orientadora Laboral.
- 1 Técnico/a de Comunicación.

Promoven: Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria e Fondo Social Europeo.

- 473 horas de formación.
- 100% satisfacción das persoas contratadas.
- 7 persoas contratadas, 2 foron substitucións (5 mulleres e 2 homes)
- 3 insercións laborais (3 mulleres) ao finalizar o proxecto.



FOMENTO DO EMPREGO: APOIO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Contratación de 2 persoas desempregadas durante dous meses a través das subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro 2021 do Concello de Vigo:

- 1 Educadora-Técnica de programa
- 1 Auxiliar Limpeza

Promove: Concello de Vigo

- 6 horas de formación.
- 100% satisfacción das persoas contratadas.
- 3 persoas contratadas, 1 substitución (2 mulleres e 1 home)
- 1 inserción laboral (1 muller) ao finalizar o proxecto.



FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Contratación de 2 mulleres durante 12 meses (desde setembro de 2021) a través das subvencións destinadas ao fomento da contratación, por parte de entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero:

- 1 Técnica de programa
- 1 Limpadora

Promoven: Xunta de Galicia e Pacto de Estado contra a violencia de xénero

- 2 persoas contratadas (2 mulleres)



EMPREGO INCLUSIVO

O obxectivo deste proxecto é mellorar a empregabilidade das persoas en risco ou posible risco de exclusión, para conseguir a súa incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, desde un enfoque de empoderamento da persoa e o desenvolvemento das súas competencias a través de accións de capacitación e prácticas profesionais non laborais en empresas.

Actividades:

- Formación - capacitación técnica, para mellorar a capacidade profesional das/os candidatas/os.
2 cursos:
 - Auxiliar de Almacén, Marín.
 - Auxiliar de Servizos de Limpeza, Nigrán.
- Prácticas non laborais en empresas, para ter un primeiro contacto e achegamento á realidade empresarial.
- Formación en competencias transversais, para mellorar aspectos da procura de emprego.
- Servizo de orientación e intermediación laboral, tanto durante o proceso formativo como tras a súa finalización.

Promove: Deputación de Pontevedra

Colaboran: Concello de Nigrán, Concello de Marín, Banco de Alimentos de Pontevedra, Centro Juan María.

- 23 participantes (16 mulleres e 7 homes).
- 400 horas de formación.
- 23 diplomas entregados.
- 12 convenios con empresas para prácticas.
- 92,43% satisfacción das persoas participantes.
- 14 insercións laborais (10 mulleres e 4 homes).



Auxiliar de servizos de limpeza, Nigrán.



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Proporcionase información ás persoas demandantes de emprego sobre o seu potencial laboral, ofrecendo asesoramento na procura de emprego, deseño de perfís profesionais, servizos asociados, así coma un abano de ofertas formativas para facilitar a súa inserción no mundo laboral a través de Itinerarios Públicos Personalizados de Inserción.

Desenvólvese en Vigo e A Coruña.

Actividades: entrevistas de diagnóstico **individualizado** e elaboración de perfís profesionais, acordos de emprego, asignación de tarefas, carga de servizos, especialidades formativas e cursos, seguimentos dentro e fora de Itinerarios e diversas accións grupais de mellora da capacitación e competencias de acceso ao emprego.

Promoven:

- **Xunta de Galicia**, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación-Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

- **Ministerio de Trabajo y Economía Social - Servicio Público de Empleo.**

- 345 persoas atendidas (185 mulleres e 160 homes).
- 410 citas con asistencia.
- 1.132 accións rexistradas na plataforma SICAS (sistema encargado da xestión das políticas activas de emprego).
- 13 accións grupais con 28 participantes diferentes.
- 31 itinerarios abertos e 25 itinerarios pechados.
- 100% satisfacción de persoas participantes.
- 33 insercións laborais (19 mulleres e 14 homes).



AXENCIA DE COLOCACIÓN

Axencia de Colocación nº 1200000078.

Grazas a esta cualificación, a entidade continúa aproveitando ao máximo as sinerxías que se establecen co Servizo Público de Emprego, ademais de manter tamén unha estreita relación co tecido empresarial da zona e arredores. Coma todos os servizos que se ofertan na entidade é de carácter gratuito.

O fin último do traballo da Fundación Érguete coma Axencia de Colocación é proporcionar ás persoas demandantes de emprego un traballo adaptado as súas características, así como achegar ás empresas aqueles/as traballadores/as que se axusten aos seus requirimentos e necesidades.

- 60 persoas rexistradas (24 mulleres e 36 homes).
- 119 ofertas creadas.
- 25 ofertas cubertas.



WEB: <http://www.fundacionerguete.org/colocacion/>

EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL CORMO INTEGRAL, S.L.U.

A Empresa de Inserción Laboral (EIL) participa na incorporación sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, proporcionándolles unha ocupación remunerada durante un período máximo de 36 meses, no que as persoas poden adquirir e/ou complementar competencias profesionais. A ferramenta básica para acadar este obxectivo é o itinerario de inserción e o seu seguimento, facilitando así o acceso ao mercado laboral.

A EIL participa activamente no mercado laboral dende hai 14 anos, prestando servizos no sector da Xardinería, Forestal e Medio Ambiente. Ampliándose neste derradeiro ano co servizo de atención ás persoas.

Participa no Foro pola Economía Social (2018), a través da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA).

Financiamento

- Ingresos propios, polos servizos prestados.
- Incentivos da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, destinados a promover a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, mediante o establecemento de medidas de fomento ás EIL.
- Préstamos bancarios.

Principais clientes

- Concello de Vigo (Concellería de Política Social).
- Concello de Pontevedra.
- Concello de Nigrán (Pontevedra).
- Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).
- Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza, Consellería de Facenda, Consellería de Política Social, Consellería de Medio Rural).
- Empresa Pública Servizos Agrarios (SEAGA)
- Autoridade Portuaria de Vigo

- 97 traballadores/as (63 mulleres e 34 homes).
- 98% persoal de produción (90% en situación ou risco de exclusión social).
- 57 altas (84% en situación ou risco de exclusión).
- 49 accións formativas para os/as traballadores/as.
- 596 horas de formación.
- 90 participantes nas accións formativas.
- 93,44% de satisfacción das persoas traballadoras en inserción.
- 6 insercións laborais (2 mulleres e 4 homes) en empresas ordinarias.



Web: <http://www.cormointegral.es>



Traballos de mantemento | EIL CORMO INTEGRAL, S.L.U.

2. INTERVENCIÓN EN MEDIO PENITENCIARIO

ITÍNERE

Programa de seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceradas no ámbito da incorporación social de trastornos aditivos. A metodoloxía de traballo baséase no deseño e supervisión de Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI). Desenvólvese nos CC.PP. de Teixeira (A Coruña), A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense) e nos C.I.S. "Carmen Avendaño Otero" de Vigo e "Carmela Arias y Díaz de Rábago" da Coruña.

Actividades:

- **Servizo de orientación laboral en medio pechado (CP A Lama - CP Teixeira) e medio aberto** (CIS da Coruña e Vigo): deseño e seguimento de IPI, información, asesoramento e acompañamento.
- **Talleres de procura activa do emprego e habilidades dixitais** (CIS da Coruña e Vigo). Coa finalidade de proporcionar coñecementos, habilidades sociais e ferramentas necesarias para acceder ao mercado laboral e favorecer o mantemento do emprego; e facilitar o acceso ás novas tecnoloxías para liquidar a fenda dixital.
- **Competencias clave nivel 2.** (CP A Lama). Preparación dun grupo de internas/os cara as probas de acceso para garantir que se posúen as competencias clave para cursar con aproveitamento os certificados de profesionalidade que lle facilitará a súa inserción laboral. Actividade suspendida pola anulación da convocatoria das probas da Xunta de Galicia.

- **Proxecto Abeiro.** Actividade de formación ocupacional na rama sanitaria, Auxiliar de Psiquiatría.
- **Súmate.** Taller para traballar a socialización diferencial cun grupo de homes (CP Pereiro Aguiar).

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.

- 372 persoas atendidas (105 mulleres e 267 homes).
- 187 altas (50 mulleres e 137 homes).
- 17 accións formativas.
- 1.648 horas de formación.
- 142 participantes.
- 113 diplomas entregados.
- 1.869 seguimentos de itinerarios inserción.
- 15 persoas reclusas (3 mulleres e 12 homes) con funcións de internas/os de apoio.
- 38 insercións laborais (10 mulleres e 28 homes).



Este ano, o Ministerio del Interior, Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, a través do Centro Penitenciario de Teixeira otorgoulle á Fundación Érguete-Integración a **Medalla de Bronce ao Mérito Social Penitenciario**.



Entrega da Medalla de Bronce ao Mérito Social Penitenciario no C.P. Teixeira

PROXECTO ABEIRO

Desenvolvido ao abeiro do convenio asinado pola Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, Fundación Érguete, Fundación Roviralta, FEAFES-Galicia, Asociación Érguete e Fundación Barrié, ten unha dobre intencionalidade:

1. Proporcionar ao alumnado os coñecementos teórico-prácticos necesarios para a obtención dunha titulación homologada de Auxiliar de Psiquiatría. Complementariamente, favorécese o adestramento en competencias sociais e técnicas de procura de emprego.
2. Proporcionar ao CP un grupo de persoas cualificadas para o desenvolvemento das tarefas propias de **interna/o de apoio**: persoa que contribúe nas tarefas de seguimento, apoio e atención entre iguais daqueles internas/os que se atopan dados de alta no PPS (Protocolo de Prevención de Suicidios) ou en situacións de malestar emocional significativo, axudando a persoas con problemas de saúde mental a través do PAIEM (Programa de Atención Integral ao Enfermo Mental).

Desenvólvese nos CC.PP. da Lama e Teixeiro.

Promoven: *Fundación Barrié e Fundación Roviralta*

- 30 participantes (5 mulleres e 25 homes).
- 3 accións formativas.
- 1.038 horas de formación.
- 26 diplomas entregados
- 95,65% satisfacción das persoas participantes
- 15 persoas reclusas (3 mulleres e 12 homes) con funcións de internas de apoio.

COMPETENCIAS CLAVE

Desenvolvido ao abeiro do convenio asinado pola la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, Fundación Érguete, Fundación Roviralta, FEAFES-Galicia, Asociación Érguete e Fundación Barrié.

Formación e preparación dun grupo de persoas privadas de liberdade para a obtención do certificado oficial de competencias clave de nivel 2 en lingua castelá, lingua galega e matemática, para facilitar o acceso á formación ocupacional con certificado de profesionalidade. Mellorar o perfil de empregabilidade das persoas participantes, incrementando as expectativas de reincorporación social e laboral unha vez finalizado o tempo de condena.

Desenvólvese nos CC.PP. de Teixeiro e Pereiro de Aguiar.

Promoven: *Fundación Barrié e Fundación Roviralta*

- 30 participantes (1 muller e 29 homes).
- 2 accións formativas.
- 330 horas de formación.
- 26 diplomas entregados.
- 95,66% satisfacción das persoas participantes.



Clase nun centro penal.

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL EN MEDIO PENITENCIARIO

Trátase de mellorar a empregabilidade das persoas que se atopan privadas de liberdade ou finalizando a súa condena, de xeito que poidan incorporarse ou volver ao mercado laboral, desde un enfoque de empoderamento persoal e o desenvolvemento das súas competencias.

Desenvolveuse no CP Teixeiro e CIS da Coruña

Actividades:

- Itinerarios personalizados de inserción.
- Taller de Habilidades Sociais.
- Taller de Alfabetización Dixital.
- Taller de Procura de Emprego (inclúe módulo de Autoemprego).

Promove: *Deputación Provincial da Coruña*

- 10 participantes (4 mulleres e 6 homes).
- 6 altas (2 mulleres e 4 homes).
- 7 talleres formativos.
- 15 horas de formación.
- 6 diplomas entregados.
- 2 insercións laborais (1 muller e 1 home).

SERVIZO ORIENTACIÓN LABORAL - CARBALLO

A finalidade é favorecer a formación integral das persoas recentemente excarceradas ou en proceso de excarceración conxuntamente coas súas familias, tratando de mellorar a súa cualificación profesional, competencias profesionais e persoais, de cara á súa inserción social e laboral, facilitando a súa integración na comunidade.

Actividades:

- Servizo de Orientación Laboral.
- Itinerarios personalizados de inserción.
- Taller de Terapia Asistida con Animais. 16 horas.
- Taller de procura do emprego a través das novas tecnoloxías. 6 horas.

Promove: *Concello de Carballo (A Coruña)*

- 10 participantes (4 mulleres e 6 homes).
- 3 altas (3 homes).
- 2 accións formativas.
- 22 horas de formación.
- 9 diplomas entregados.



REINCORPORA

Programa que traballa con persoas en proceso de excarceración no adestramento das súas competencias persoais, profesionais e dixitais co obxectivo da súa incorporación sociolaboral. Ten un enfoque de atención integral e personalizado das persoas para o cal existen diferentes modalidades de intervención baseados nun esquema de actividades común.

Principais actividades:

- Preselección de persoas beneficiarias do Programa.
- Posicionamento ante o emprego.
- Adestramento en competencias sociais e laborais.
- Formación e prácticas non laborais.
- Servizos á comunidade: estimulan as habilidades, reforzan o sentido de pertenza á comunidade e o achegamento a outras realidades.
- Talleres de procura activa de emprego.

Modelos de Intervención:

A. PUNTO FORMATIVO INCORPORA (3 meses)

Formación con outros colectivos Incorpora con prácticas en empresas.

- PFI FEAFES (A Coruña): 1 acción formativa, "Limpeza, hixienización e desinfección de superficies e mobiliario" 3 participantes, 2 mulleres e 1 home
- PFI ERGUETE-INTEGRACIÓN (Vigo): 3 accións formativas, detállanse no apartado Punto Formativo Incorpora, onde participaron once homes e unha muller.

B. ITINERARIO PERSONALIZADO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.

As persoas participantes deste grupo seguen un itinerario sen capacitación técnica.

C. EPYCO. Nos centros de medio aberto e pechado da provincia da Coruña: CP Teixeiro (Curtis) e CIS Carmela Arias e Díaz de Rábago. Desenvólvese cun equipo de alto desempeño en cada centro, composto por profesionais da institución e as 2 técnicas Reincorpora. Pretende mellorar o proceso de inserción laboral a través do adestramento en competencias.

Servizo á comunidade: Estableceuse unha colaboración cun colexio da contorna, onde os/as participantes Reincorpora a través dos talleres ocupacionais dos centros penais, realizaron e doaron diferentes elementos para facer do seu patio un lugar máis inclusivo. Esta colaboración tamén axudou a que prantexasen cambios nos seus propios espazos comúns. Cada aula do colexio enviou unha postal ao centro como xesto de agradecemento.

Promove: *Fundación "la Caixa"*

- 95 participantes (18 mulleres e 77 homes).
- 47 altas (11 mulleres e 36 mulleres).
- 94.92% satisfacción das persoas beneficiarias.
- 35 insercións laborais (7 mulleres e 28 homes).



Servizo á comunidade (A Coruña).

3. INTERVENCIÓN SOCIAL

SÍSIFO

Programa de Intervención Precoz con Drogodependientes en Situación de Emerxencia Social que ten como finalidade mellorar a accesibilidade da poboación diana á rede asistencial. O servizo atende a persoas en situación de exclusión social severa.

• **SUBPROGRAMA DE CAPTACIÓN ACTIVA E INTERVENCIÓN EN MEDIO ABERTO (Outrech).**

Desprazamento a zonas de consumo de drogas en Vigo, e Marín (Pontevedra), e A Coruña, para intervir in situ.

• **SUBPROGRAMA DE CENTRO DE ENCONTRO E ACOLLIDA.**

Centros de Calor-Café en Vigo e A Coruña.

• **SUBPROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS E DIMINUCIÓN DE DANOS.**

Intercambio de material de consumo e dispensa de material preventivo para prácticas sexuais seguras. Orientación, información, acompañamento, derivación, apoio psicolóxico e seguimento. Realización da proba rápida de VIH e de VHC en fluído oral.

• **SUBPROGRAMA DE INFORMACIÓN-FORMACIÓN.**

- Actividades formativas relacionadas co VIH, a Hepatite, sexo seguro, drogas, redución de danos, saúde, etc.

- Actividades informativas en distintas campañas en Universidades e a poboación en xeral.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos adictivos, e atención ás persoas con maior vulnerabilidade pola infección polo VIH, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionadas pola mesma Consellería.

- 858 beneficiarios/as (204 mulleres e 654 homes).
- 377 altas (99 mulleres e 278 homes).
- 22.013 intervencións.
- 99.787 alimentos entregados.
- 16.015 unidades de material de hixiene entregadas.
- 4.048 xiringas entregadas.
- 3.998 xiringas recollidas.
- 431 xiringas recollidas en campañas.
- 3.122 unidades de ácido cítrico, compresores e toallifas de alcol.
- 2.913 unidades de material preventivo de sexualidade (profilácticos e lubricante).
- 221 accións de seguimento médico de VIH e VHC.
- 550 derivacións e/ou acompañamentos a outros recursos.
- 127 probas de VIH e de VHC realizadas.
- 6 convenios con outras entidades sociais.
- 98,59% satisfacción das persoas beneficiarias do programa.
- 1 inserción laboral (1 home).



CURSOS:

- 19 accións formativas
- 151 alumnos/as
- 7 accións de información, divulgación e sensibilización
- 104 participantes
- 99,19% satisfacción das persoas participantes.



PROXECTO VIRADA

Subprograma do Programa SÍSIFO, que ten como finalidade a incorporación social e o fomento de emprego de persoas con trastornos mentais ou aditivos mediante a adquisición de valores, competencias e habilidades.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.

- 92 beneficiarios/as (22 mulleres e 70 homes).
- 443 intervencións psicosociais.
- 589 intervencións de xestión de citas e documentación.
- 5 accións formativas e 1 actividade formativa ocupacional.
- 43 persoas participantes en accións formativas (1 muller e 42 homes).
- 1 actividade formativa para profesionais do programa.
- 9 profesionais participantes (7 mulleres e 2 homes).



Visita ao Museo do Mar (Vigo).

CALOR CAFÉ DO PROGRAMA SÍSIFO NA CORUÑA

Local destinado á atención das necesidades básicas das persoas en situación de consumo de substancias e/ou persoas en situación de exclusión social.

O obxectivo é mellorar a súa situación a través da atención directa e personalizada.

Promove: Concello da Coruña

- 15 persoas de media diaria acoden ao servizo.
- 4.565 intervencións.

CURSOS

- 8 accións formativas.
- 35 persoas participantes.

CAMPAÑAS INFORMATIVAS

- 2 campañas informativas.
- 30 persoas informadas.

PROBAS RÁPIDAS DE VIH/VHC

- 39 probas realizadas (14 mulleres e 25 homes).



PROXECTO VERBAS

Xornadas informativas de sensibilización destinadas a persoas drogodependentes e/ou en situación de exclusión social, co propósito de favorecer a difusión de información relativa a VIH e Hepatite C, novos tratamentos, avances respecto á consecución da carga viral indefectible e promover a prevención para todas as prácticas de risco.

Así mesmo, pretende reducir o estigma social e mellorar a imaxe das persoas enfermas.

Promove: Concello de Vigo

- 67 participantes (48 mulleres e 19 homes).
- 7 xornadas informativas.
- 19 horas de formación.



ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA CALOR-CAFÉ DA CORUÑA

Esta axuda permitiu mellorar o equipamento do local de calor café da Coruña mediante a adquisición de **equipamento informático e material para o uso do servizo, e adaptación de luminarias existentes para a utilización de iluminación tipo led.**

Promove: Deputación Provincial da Coruña

REPARACIÓN DE VEHÍCULOS E MELLORA DA INFRAESTRUTURA DA REDE

Reparación das deficiencias dos vehículos utilizados para prestación do servizo - programa Sísifo - en Vigo e **mellora da infraestrutura de rede.**

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.

NADAL SOLIDARIO

Reparto de dúas comidas especiais e un agasallo a persoas sen fogar, beneficiarias do programa SÍSIFO, os días 24 e 31 de decembro nas cidades de Vigo e A Coruña.

Promove: Fundación "la Caixa"

- Nº de racións entregadas ao día 24:
100 en Vigo / 45 na Coruña o día. 150 agasallos
- Nº de racións entregadas o día 31:
80 en Vigo / 45 na Coruña.



ATENCIÓN ÁS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA

Pretende atender determinadas necesidades básicas que, de xeito xeral, non están cubertas polos recursos existentes en Vigo e A Coruña.

A través do mesmo proporcionamos artigos de abrigo difíciles de conseguir nos roupeiros, como é o calzado e sacos de durmir, servizo básico de perruquería e complemento para alimentación básica.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- 25.175 almorzos.
- 58.135 entregas de alimentos.
- 12.116 bocadillos.
- 79 sacos de durmir.
- 148 pares de calzado.
- 533 servizos de roupeiro.
- 245 servizos de perruquería (36 mulleres e 209 homes).



ACCIONES DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA

Desenvólvense accións formativas e informativas destinadas a diminuír a transmisión da infección e a reinfección por VIH, Hepatite B (VHB) e Hepatite C (VHC), facilitando o acceso da poboación á información e ás medidas preventivas.

Tamén facilitamos o seguimento do tratamento médico das persoas usuarias do programa.

O programa desenvólvese nas cidades de Vigo, A Coruña, Marín e, puntualmente, no CP Pereiro de Aguiar (Ourense).

Actividades:

- Charlas informativas sobre VIH e Infeccións de transmisión sexual (ITS): lévanse a cabo no ámbito da prostitución, con usuarios/as de drogas inxectadas (UDI) e co colectivo LGTBI.
- Accións formativas: curso de axentes de saúde.
- Campañas ENTÉRATE: campañas informativas realizadas en distintos centros universitarios coa finalidade de dar información realista sobre o VIH e as distintas ITS, para concienciar sobre a necesidade de utilizar métodos preventivos nas distintas prácticas sexuais, fomentar o coñecemento do estado serolóxico, etc.

- ENCONTROS: intervención con persoas portadoras do VIH, Hepatite ou algunha ITS, acompañamentos a consultas hospitalarias, facilitación de acceso a fármacos, seguimento de casos, etc.
- Blogue e redes sociais: ofrecer información actualizada e dar a coñecer as últimas noticias e os últimos avances médicos e sociais relacionados coa temática. Dar difusión ás distintas actividades realizadas pola entidade.
- Realización das probas rápidas de VIH e VHC: anónimas, gratuítas e confidenciais.
- Distribución de materiais preventivos: preservativos, lubricantes, etc.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.
Colabora: SOCIDROGALCOHOL. Proxecto DETECT-C

- 10 accións formativas.
- 70 participantes.
- 99,19% satisfacción do alumnado coas accións formativas.
- 4 campañas informativas.
- 91 persoas informadas.
- 204 folletos entregados.
- 221 accións de seguimento médico de VIH e Hepatite.
- 127 probas rápidas de VIH e VHC realizadas.



INCLUSIÓN SOCIAL

Desenvolvemos actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social que pretenden favorecer a incorporación social, o acceso ao mercado laboral e a participación social, cultural, educativa, formativa e laboral das persoas desfavorecidas. Estas actuacións enmárcanse dentro do Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación" e abranguen o período 2020-2022.

Actividades:

- Actuacións de apoio á inclusión sociolaboral: inclusión e transición ao emprego, orientadas a mellorar a empregabilidade das persoas vulnerables e a favorecer a inclusión activa mediante accións específicas que eviten a discriminación no acceso e mantemento do emprego.
- Servizo de Formación Adaptada en:
 - Adquisición de coñecementos básicos dixitais (6 edicións).
 - Preparación de probas de adquisición do título de Educación Secundaria Obrigatoria, (2 edicións, unha iniciada no mes de decembro de 2020).

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social. Cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020.

- 63 persoas beneficiarias (37 mulleres e 26 homes).
- 8 accións formativas.
- 686 horas de formación impartida.
- 77 persoas participantes na formación (47 mulleres e 30 homes).
- 61 diplomas entregados.
- 97,45% de satisfacción de persoas beneficiarias.
- 12 insercións laborais (6 mulleres e 6 homes).



Clases de preparación para as probas de Graduado E.S.O.

4. ÁREA DE IGUALDADE

PROXECTO EVA (EMPREGO-VISIBILIDADE-AUTONOMÍA)

Comprende actividades que xorden das necesidades da poboación feminina reclusa, de cara á súa incorporación ao mercado de traballo ao finalizar a condena, e a mellorar as súas condicións mentres dura esta.

Desenvólvese en medio pechado (CCPP da Lama, Teixeiro e Pereiro de Aguiar) e aberto (CIS de Vigo e A Coruña).

Actividades:

- Itinerarios personalizados de incorporación sociolaboral.
- Formación ocupacional: **Curso de Pinche en INSTITUCIÓN SANITARIAS** no C.P. Teixeiro.
- **Taller de comunicación intercultural "Comunicadas"**: actividade de formación para potenciar as destrezas comunicativas e a autoestima entendidas dende unha perspectiva de xénero, así como fomentar o bo trato entre as mulleres privadas de liberdade, rachando calquera prexuízo cultural, social, de xénero, ou orixe. Desenvolveuse no C.P. Pereiro de Aguiar e C.P A Lama.
- **Taller de Teatro**: actividade para a mellorar as relacións e a comunicación interpersoal utilizando como ferramenta pedagóxica o teatro. Desenvolveuse no C.P. Pereiro de Aguiar.
- **Terapia Asistida con Animais**: actividade que proporciona un estímulo multi-sensorial, fomenta a comunicación asertiva e potencia as emocións positivas, en colaboración co Refuxio de Animais de Cambados. Desenvolveuse no C.P A Lama.
- **Talleres de desenvolvemento persoal (Crea, Persegue, Consegue)**, actividade para mellorar as habilidades sociais e persoais das participantes, empregando a perspectiva de xénero como eixe vertebrador, e conseguir a súa reinserción sociolaboral. Desenvolveuse no C.P. Teixeiro e C.I.S A Coruña.
- Información e/ou derivación a recursos de atención, orientación e asesoramento persoal e social.
- Apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás mulleres reclusas o seu proceso de integración social.
- Acompañamento na procura de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento.
- Prospección do mercado de traballo, intermediación e titorización laboral e profesional.

Promoven: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade e Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, como parte da resposta da Unión á Pandemia da Covid - 19. Programa Operativo FSE Galicia 2014 - 2020.

- 59 mulleres.
- 59 itinerarios personalizados de incorporación.
- 10 mulleres obtiveron unha cualificación.
- 1 curso ocupacional:
 - 10 alumnas
 - 200 horas de formación
 - 100% satisfacción das participantes
- 5 talleres:
 - 63 participantes
 - 141 horas de formación
- 625 actuacións realizadas
 - 11 actuacións de promedio por participante
 - 29 horas de promedio de actuación por participante
- 4 insercións laborais (4 mulleres).





Terapia canina no CP A Lama.

PROXECTO XEITOS DE VER

A III Edición do proxecto Xeitos de Ver (2021) consistiu en formar a un grupo de persoas en situación de privación de liberdade en medio aberto - para que foran capaces de analizar e reflexionar sobre a reprodución dos roles sexistas e violencias de xénero nas redes sociais. Co obxectivo de visibilizar e sensibilizar á cidadanía acerca das situacións de desigualdade, discriminación e violencia analizadas en internet, as persoas participantes no proxecto crearon infografías e deron posterior difusión na rede.

O grupo recibiu unha formación previa e preparatoria, tanto en temas de igualdade como de redes sociais.

Promove: Concello da Coruña

- 12 participantes (3 mulleres e 9 homes).
- 88 horas de formación.
- 10 diplomas entregados.
- 2 vídeo-reportaxes.
- 8 entrevistas realizadas.
- 92,83% de satisfacción das persoas participantes.
- 1 inserción laboral (1 muller).



ACHÉGATE Á REDE

O programa Achégate á rede ofrécelle a mulleres que viven situacións de vulnerabilidade, ubicadas en Vigo e na Coruña, a opción de formarse en habilidades dixitais que lles permitan autonomía á hora de realizar calquera trámite en liña, ademais de mellorar

a súa empregabilidade a través da rede. Cómpre destacar que Achégate á Rede forma parte da Estratexia Europa 2020, plan que promove e impulsa a divulgación do coñecemento e a innovación.

Actividades:

Este programa constou de dúas actividades.

- **Servizo de Apoio Dixital para mulleres en situación de especial vulnerabilidade** en Vigo: destinado a aquelas mulleres que necesitaban axuda para levar a cabo xestións e trámites administrativos vía dixital.
- **5 talleres de Apoderamento Dixital** (3 talleres impartidos en Vigo e 2 na Coruña). Cada taller consta dunha duración de 30 horas, dedicándose 22 horas á capacitación dixital e 8 horas a traballar a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero a través da rede.

Promoven: **Xunta de Galicia**, Secretaría Xeral de Igualdade a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, no ano 2020

- 115 mulleres - Servizo Apoio Dixital.
- 40 mulleres - Talleres Apoderamento Dixital.
- 5 accións formativas.
- 150 horas de formación.
- 33 diplomas entregados.
- 97,06% de satisfacción das participantes.



PROXECTO DANA

Combina aspectos técnicos da defensa persoal xunto con ferramentas psicoemocionais, de xeito que as mulleres non só melloraron a súa confianza e capacidade para actuar fronte a situacións de perigo, senón que tamén aprenderon a xestionar emocionalmente situacións de bloqueo e mellorar a súa autoestima.

Desenvólvense dous talleres dentro do proxecto:

- **Taller de defensa persoal:** 8 horas de duración.
- **Taller de autoestima e igualdade:** 4 horas de duración.

En ambas actuacións tívose sempre en conta o ritmo das participantes, adaptando as súas circunstancias e primando a cohesión grupal e o vínculo de sororidade entre as mulleres participantes, xerando un espazo de encontro para que as mulleres compartan experiencias e apoio mutuo

Promove: Concello de Vigo

- 10 mulleres (70% vítimas de violencia de xénero).
- 2 accións formativas.
- 12 horas de formación.
- 9 diplomas entregados.
- 94% de satisfacción das participantes.



AXENTES DE SAÚDE DA MULLER

A Rede de Atención ás Adicións, UNAD, continua co proxecto de formación centrado na saúde e a sexualidade con perspectiva de xénero, coa metodoloxía “bola de neve” para transferir os coñecementos desde o equipo de profesionais de cada organización ás persoas usuarias para que logo estas mesmas tamén exerzan como axentes de saúde cos seus iguais.

Esta actividade desenvolveuse nas instalacións da Fundación Érguete-Integración, e finalizou coa elaboración dun vídeo para colgar nas redes, cartelería e unha charla por parte das persoas participantes dirixida aos seus compañeiros.

Promove: UNAD

- 17 mulleres participantes.
- 30 horas de formación.
- 17 diplomas entregados.
- 9,8 sobre 10 de valoración de satisfacción das persoas participantes.



ACTO 8 DE MARZO - Día Internacional da Muller

As traballadoras da Fundación Erguete-Integración quixeron no 8M visibilizar a través dunha frase algunha das discriminacións ou sexismos que sufriron ao longo das súas vidas. Fixose un cartel cos seus rostros en branco e negro acompañado destas frases.

Na semana previa, recuperamos e difundimos nas redes sociais fragmentos das entrevistas realizadas no proxecto “Xeitos de ver”, onde diferentes mulleres poñen voz á súa situación en tempos de COVID.



Traballadoras cos carteis na sede da entidade

ACTO 25 DE NOVIEMBRE Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Para o 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, as mulleres participantes no Taller de Teatro desenvolvido no C.P. Pereiro de Aguiar escribiron un poema reivindicativo visibilizando a situación de discriminación e desigualdade que sofren as mulleres.

Co poema e a voz de fondo das mulleres privadas de liberdade, elaborouse un vídeo para esta data tan importante, divulgado a través das redes sociais.

MULLERES CON HISTORIA

Desde a aprobación do I Plan de Igualdade da Fundación Érguete-Integración no ano 2018, publícase de forma continuada nas redes sociais e na páxina web da entidade o apartado Mulleres con Historia, que nace do noso compromiso para visibilizar a contribución das mulleres ao longo da historia nas diferentes disciplinas e culturas, e así poder facer unha pequena contribución a repensar a dinámica da historia con perspectiva de xénero.


RESULTADOS



PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS


3.311 persoas (1.386 mulleres e 1.925 homes) foron atendidas nos diferentes programas da Fundación, das que 1.536 foron altas.

Por **áreas de intervención**, a porcentaxe de persoas atendidas foi a seguinte:




Número de persoas atendidas nas catro áreas de intervención:


INCORPORACION LABORAL E FORMACION: 1.387 PARTICIPANTES




INTERVENCION EN MEDIO PENITENCIARIO: 452 PARTICIPANTES



INTERVENCIÓN SOCIAL: 1.276 PARTICIPANTES




AREA DE IGUALDADE: 196 PARTICIPANTES



INCORPORACIÓN LABORAL


316 insercións rexistradas no mercado laboral ao longo do ano.




NIVEL DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Dentro do sistema de xestión da calidade das accións desenvolvidas, mantemos o obxectivo de satisfacción das persoas que participan nos programas e cursos nun 90%. Nos dous casos supérase.

Avaliación dos cursos



Avaliación dos programas



ACCIÓNS FORMATIVAS

Por segundo ano consecutivo, a formación foi unha das actividades máis afectadas no seu desenvolvemento pola pandemia da COVID-19: modificación das datas de impartición de cursos, redución do aforo nas aulas, alumnado e profesionais afectados pola enfermidade ou confinados nos domicilios por contacto con outras persoas enfermas, etc.

Con todo, **786** persoas (*426 mulleres e 360 homes*) participaron nas 84 accións formativas desenvolvidas durante o ano.




COOPERACIÓN CO TECIDO EMPRESARIAL

Co fin de realizar prácticas non laborais en empresas e facilitar a incorporación laboral das persoas atendidas, establécense convenios de colaboración con empresas e asociacións empresariais.

En 2021 asináronse 26 convenios con empresas e 6 con outras entidades sociais, a través dos programas Incorpora, Reincorpora, Punto Formativo Incorpora, Empleo Inclusivo e Sísifo.

En canto ás empresas nas que realizou prácticas o alumnado, o grao de satisfacción foi case do 100%.



CONVENIOS CON CENTROS DE FORMACIÓN

- CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña). Formación en Centros de Trabajo (FCT) do alumnado do Ciclo Superior de Integración Social, no programa Sísifo.
- Universidad Internacional de Valencia-VIU. Prácticas do Máster de Mediación e Xestión do Conflito, no programa Itinere (A Coruña).
- Universidade de Santiago de Compostela. Prácticas da Escola Universitaria de Trabajo Social, no programa Sísifo.
- Universidade de Vigo. Prácticas do Grao de Educación Social (sede da entidade).
- Universidad Pontificia de Salamanca. Prácticas do Grao de Psicología, no programa Sísifo.
- Universitat de Girona. Prácticas do Grao en Criminoloxía, no Programa Itinere (Vigo).
- Casa Escuela Santiago Uno-Salamanca. Prácticas do Ciclo Superior de Integración Social, no programa Sísifo (Vigo).
- CES Cardenal Cisneros. Prácticas do Grao de Psicología, no programa Itinere (Vigo).



- 10 alumnas en prácticas
- 2.706 horas de prácticas na entidade
- 100% de satisfacción coa realización das prácticas do alumnado

RECURSOS HUMANOS

Nº TRABALLADORES/AS FUNDACIÓN			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINID	TEMPORAL	XORNADA	TEMPO
8	42	50	13	37	15	35
Nº TRABALLADORES/AS EIL CORMO			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINID	TEMPORAL	XORNADA	TEMPO
34	61	95	12	83	22	73
Nº TRABALLADORES/AS TOTAL			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINID	TEMPORAL	XORNADA	TEMPO
42	103	145	25	120	37	108



CON É DE ÉRGUETE



E





ALIANZAS

A Fundación Érguete-Integración participa activamente en:

- **UNAD** (Unión de Asociaciones y Entidades de Atención al Drogodependiente)
- **AESAP** (Asociación de Empresas de Servicios de Atención a la Persona)
- **INCORPORA y REINCORPORA** (Programas de Integración Laboral de colectivos en riesgo de exclusión social de Obra Social "la Caixa")
- **FENAD** (Federación Galega de Asociacións de Axuda ao Drogodependente)
- **EAPN-GALICIA** (Rede Galega contra a Pobreza)
- **AEIGA** (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia)
- **PLDA** (Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo)
- **PAE** (Punto de Atención al Emprendedor). Integrado na RED CIRCE do Ministerio de Industria, Energía y Turismo

RECOÑECIMENTOS

- **Nome do Centro de Inserción Social de Vigo:**
"Carmen Avendaño Otero" (2006)
- **Medalla Castelao** (2007)
- **Cruz de Prata da Orden Civil da Solidariedade Social** (2010)
- **Medalla Concepción Arenal** (2018)
- **Compañía comprometida coa inserción laboral das persoas con síndrome de Down** (2018)
- **De centros penitenciarios:**
 - C.P. A LAMA: Mención especial polo traballo desenvolvido polo Programa Itinere (2010)
 - C.P. TEIXEIRO: Medalla de Bronce ao Mérito Social Penitenciario (2021)



REXISTROS

- **Clasificada de Interese social** (1999) e **Fundación de Interese Galego** (2000): 1999/25
- **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Xunta de Galicia** (RUEPSS) (2001): E-1455
- **Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo** (2001): 761-01
- **Entidade de Acción Voluntaria de Galicia** (2002): O-17
- **Centro colaborador de formación ocupacional da Xunta de Galicia** (2004): 36/01337
- **Entidade Colaboradora do Plan de Galicia sobre Drogas** (2005): SA 463D 2003/3
- **Entidade Prestadora de Servizos Sociais** (2006): VP-1455
- **Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións (REMAC) da Coruña** (2013): 309
- **Entidade colaboradora no proxecto de detección precoz de VIH a través das probas anónimas de detección rápida** (2014)
- **Aliado Dixital na categoría de Entidade colaboradora, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Xunta de Galicia** (2016): PR602A-2016-00000073-00
- **Adhesión á REDE EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia** (2017)
- **Acreditación como Axencia de Colocación nº 1200000078**. Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (2018)



RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

- Firmante da RED PACTO MUNDIAL ESPAÑA (Iniciativa internacional de Naciones Unidas) (2010).
- Selo de compromiso para a Excelencia Europea +200 EFQM (2009).
- Selo de Excelencia Europea +300 EFQM (2011, 2014, 2016, 2018).
- Sistema de xestión conforme coa Norma ISO 9001: 2015. Número de certificado ES122824 (2021).
- Adhesión ao "Protocolo para a detección e tratamento na empresa de situacións de violencia de xénero producidas dentro e fora dos lugares de traballo" (2016).
- Adhesión ao Consello Asesor de Pacientes da EOXI de Vigo, Consellería de Sanidade-SERGAS da Xunta de Galicia (2017).
- Adhesión ao Pacto Social pola non discriminación e a igualdade de trato asociada ao VIH, Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social (2019).
- Adhesión ao Pacto Social por unha Coruña libre de violencias machistas (2020).

OUTRAS COLABORACIÓNS

DONACIÓNS

O noso agradecemento:

- Ás persoas e entidades que fixeron aportacións económicas a través da páxina web, persoalmente e a través da aplicación de Helpfreely.org, que contribúen a que máis persoas melloren as súas condicións de vida.
- Á Hermandad Guardias Civiles Auxiliares de España, pola doación de material hixiénico para a prevención da COVID-19.
- Aos Bancos de Alimentos de Vigo e A Coruña, e á empresa Galletas Mariñeiras Daveiga pola colaboración co programa Sísifo.
- Ás persoas que participaron no Show Cooking Solidario, e, especialmente, aos organizadores deste evento: Fco. Javier Rodríguez - Semana Solidaria do Banco Mediolanum, e restaurante A Xanela Gastronómica. Unha experiencia divertida que permitiu recaudar fondos para a renovación dunha unidade móbil do programa Sísifo.



SHOW COOKING SOLIDARIO EN A XANELA GASTRO

DONA EN FAVOR DE
FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
EN WWW.MIGRANODEARENA.ORG



LOS PRIMEROS 150 EUROS DONADOS DESGRAVAN EL 80%.
SORTEO DE 2 MENÚS DEGUSTACIÓN ENTRE TODOS LOS DONANTES.
Regalo de una botella de vino Rioja reserva de gama alta para
los 30 primeros donantes desde 100 euros o más.

27 DE NOVIEMBRE DE 2021 | 10:30
A XANELA GASTRONÓMICA





CONTACTO

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN (VIGO) -SEDE

Av. Martínez Garrido, 21, interior
36205 VIGO
T. 986 253 176
F. 986 263 297

www.fundacionerguete.org

Email: funderguete@fundacionerguete.org

Facebook: /funderguete

Twitter: @FERgueteIntegr

Instagram: funderguete

Linkedin: /fundación-érguete-integración

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN (A CORUÑA)

• Barrio de las Flores
R/ Azahar, Bloque 48, Portal 10 baixo
15008 A CORUÑA
T. 881 896 801
F. 881 896 801

• Centro Municipal Asociativo Ramón Cabanillas
Av. de Arteixo 85, baixo
15007 A Coruña



CONVENIOS SUSCRITOS CON ASOCIACIONES EMPRESARIAIS

- AELPO. Asociación de Empresarios de limpieza de edificios y locales de Pontevedra.
- AEMOS. Asociación de Empresarios de Mos.
- AGAEXAR. Asociación Galega de Empresas de Xardinería.
- ANFACO - CECOPECA. Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados.
- A PASAXE. Asociación de Empresarios Polígono A Pasaxe.
- Banco de Alimentos de Pontevedra
- ESPAZOCOOP. Unión de Cooperativas Galegas.

CONVENIOS SUSCRITOS CON EMPRESAS

- Abalde Posada, S.L. (O Racheiro)
- Acciona, Facility Services, S.L.
- Apetéceme Vigo, S.L.
- AD Grupo Regueira, S.A.
- Ciudad de Vigo, S.L.
- Comercial del Pintor, S.L.
- Cosmypel Profesional, S.L.
- Dachser Spain, S.A.
- Dielectro Industrial, S.A.U.
- Digamel, S.A.
- Disbegal Distribuciones, S.A.
- Dolce e Salato, S.L.
- EIL Cormo Integral, S.L.U.
- Eirado da Leña, S.L.
- Eiriel, S.L.
- El Percebeiro, S.L.
- Ence, Energía y Celulosa, S.A.
- Eulen, S.A.
- GARBET GALICIA, Cooperativa de Inserción
- Grupo Essuive, S.L. (Hotel Agua de Mar Boutique)
- Grupo Alliance
- Hostel Restaurante A Queimada, S.L.
- Hotel Val Convention
- Hotelera Noroeste, S.A.
- JJP Celta Hotel, S.L.
- La Caña de Bambú, S.L. (Cafetería Copa Dorada)
- La Taberna de Tony
- Limpiezas Aleas, S.L.
- Limpiezas Orvaz, S.L.
- Materiales de Construcción Vigo, S.L. (Macovi)
- Marodri, S.L.
- Nacelim, Servicios y Mantenimientos, S.L.
- Novelec Rías Baixas, S.L.
- Paradelo, S.A.
- Pensión Residencia Buenos Aires
- Refrigerera2 Logística Vigo, S.L. (Integra2)
- Residencia Geriátrica Alvi - Beade, S.L.
- Rodríguez Rodríguez Lago, S.L. (Cafetería La Paz)
- Slice Food España, S.L. (Platero's Tex Mex)
- Srinter Megacentro del Deporte, S.L.
- Talaso Atlántico H., S.L.
- Tapería Lume do Carozo
- The Othilio Bar
- Torres y Saez Distribución, S.A.
- Toycosur, S.L.
- Vila do Conde, S.L.
- Vigocentro, S.L. (Hotel Junquera)
- Zona Vinos, S.L.

OUTROS CONVENIOS

- Fundación Celta de Vigo.





FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification



Co financiamento de:



Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



Coa colaboración de:



FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
Av. Martínez Garrido, 21, interior. 36205 Vigo
T. 986 253 176 F. 986 263 297
funderguete@fundacionerguete.org
www.fundacionerguete.org

